

# ***A Orixe da Actividade Pesqueira en Aguiño***



Cofradía de Pescadores de Carreira y Aguiño

O pasado e presente de Galicia non se pode comprender sen a relación das súas xentes co mar e co aproveitamento dos seus recursos naturais. Ao longo da historia, este enraizamento modelou profundamente a cultura pesqueira ata o punto de convertela nunha das características identitarias de numerosas poboacións costeiras, entre elas, Aguiño.


A relación da comunidade de Aguiño co mar aparece dende os inicios da civilización cando diferentes grupos humanos se asentaron na zona sur da praia de Anqueira e construíron unha fortaleza castrexa datada entre o século IV-II antes de Cristo.

Posiblemente, estas pequenas familias formaban unha sociedade sedentaria baseada na agricultura e domesticación dos animais, aínda que exercían algún tipo de actividade pesqueira e marisqueira como demostran os restos alimenticios fosilizados nas distintas capas de sedimentos.

A finais da época moderna e inicios da contemporánea, a maioría da poboación do entorno litoral non estaba asentada na actual parroquia de Aguiño. Os asentamentos poboacionais requirían chairas e prados fértiles que non estiveran expostos ás condicións atmosféricas tan adversas da boca da ría.

É habitual que mulleres e homes das parroquias e núcleos veciños como Carreira, e Castiñeiras, utilizasen o topónimo de "area" para referirse á actual localización do pobo de Aguiño:

*"Oes fulano, vamos á area?, teño que ir achicarlle a auga á dorna".*



**Primeiros asentamentos en Aguiño no s. XIX**

De feito, a razón fundamental que favoreceu a ocupación das terras litorais de Aguiño foi o asentamento a partir de 1770 de varios almacéns de salgadura nos lugares onde hoxe en día se encadra a fachada costeira do pobo. Nese ano o comerciante coruñés Jerónimo de Hijosa establece en Sálvora a primeira fábrica de secado e salgadura de peixe de Galicia.



**Almacén de Sálvora**

Desde ese momento, o areal aguiñense comeza a poboarse fundamentalmente coas xentes de Carreira, que abandonan o traballo no agro para dedicarse á pesca, e cos habitantes da Illa de Sálvora.

A progresiva instalación doutras fábricas de salgadura, maioritariamente de orixe catalán, contribúen a continuar co crecemento próspero de Aguiño.



**Almacén da Catía**

A industria da salgadura será o eixe vertebrador da vida moderna desta poboación costeira. A partir deste momento, a actividade pesqueira constituirá a actividade socioeconómica fundamental, sendo considerado Aguiño como un verdadeiro pobo pesqueiro experimentado, con capacidade para adaptarse aos diferentes contextos económicos, políticos e sociais.

Pouco a pouco, a pesca, o marisqueo, e a creación dunha infraestrutura industrial paralela (conservas, conxelados, piscifactorías, elaboración de fariñas de peixe, depuradoras de moluscos, poxa de peixe fresco,...etc.) converteron a Aguiño nun referente de comunidade pesqueira. Ademais, a posterior mellora do seu porto e dos servizos ofertados (lonxa, máquinas de xeo, vehículos isotermos, casa do mar,...etc.), xunto coa valiosa actividade desenvolvida pola Confraría de Pescadores da localidade contribuíron a asentar á comunidade, social e economicamente, así como a garantir a súa sustentabilidade futura.

A día de hoxe, a Confraría de Pescadores de Carreira e Aguiño está a iniciar un proceso de recoñecemento público da vida dos seus pescadores e das súas familias, os verdadeiros protagonistas do rexurdimento desta vila costeira.



Fachada actual de Aguiño